

*Orde do 2 de maio de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a realización de obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas.*

Por medio da presente orde, preténdese poñer en marcha un programa de fomento daquelas actividades que persigan a mellora do parque de inmobles vinculados a usos deportivos, xa pertencen a concellos ou a entidades deportivas sen ánimo de lucro.

Mediante este programa de axudas levarase a cabo un traballo de planificación no plano de mellora das instalacións deportivas galegas, de modo que coa acción da Administración autonómica se tentará orientar e priorizar aquelas que se xulgan máis relevantes para a actividade deportiva.

A regulación detallada dos aspectos máis relevantes da acción programada, identifica con claridade os beneficiarios no artigo 2 e as actuacións subvencionables no seguinte precepto, para establecer posteriormente os trámites esenciais do procedemento administrativo que a acción exixirá.

No procedemento destaca a intención de facilitar o máximo contacto dos potenciais beneficiarios coa Administración autonómica, finalidade que explica a intervención dos servizos administrativos das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, tanto nas súas fases iniciais como finais.

O outorgamento das subvencións será efectuado baixo estritos criterios obxectivos, que se explicitan con suficiente detalle no artigo 9 na norma reguladora.

Finalmente para permitir acoller e prestar apoio a aquelas actuacións de máis entidade, prevese a posibilidade de que as actuacións para subvencionar posúan carácter plurianual.

Nos orzamentos xerais da Consellería de Cultura e Deporte existe crédito axeitado e suficiente para as axudas que se establecen nesta orde e efectuáronse as pertinentes retencións de crédito polos importes citados.

A normativa de aplicación vén constituída pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no seu artigo 78 o réxime xeral de concesión de axudas e subvencións con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve, preceptos todos eles aos que se adaptará esta orde, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia, e os demais que resultan de xeral aplicación.

Polo exposto, e en uso das facultades que teño atribuídas, e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios destinados para o fin para o que foron establecidos,

#### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. A presente ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas e subvencións para a construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas de titularidade pública ou privada e a adquisición de equipamentos deportivos por parte das entidades a que se refire o artigo seguinte.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios do presente programa as seguintes entidades, públicas ou privadas, mentres reúnan os demais requisitos exixidos para ter tal condición.

-Concellos.

-Entidades deportivas (clubs e federacións deportivas galegas), con inscrición vixente como tales no Rexistro de Asociacións e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

-Asociacións dotadas de personalidade xurídica vinculadas a centros educativos, públicos ou privados, que desenvolvan actividades formativas con alumnos con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais.

Artigo 3º.-Actuacións subvencionables.

No marco do presente programa só resultarán susceptibles de seren subvencionadas aquelas actuacións que poidan ser incluídas nalgunhas das seguintes epígrafes, atendendo á necesidade ou fin que se vaia satisfacer.

3.a) Construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas de titularidade pública ou privada, cando esta corresponda a algunha das entidades identificadas no artigo 2º precedente.

As actuacións anteriores deberán, atendendo á natureza da instalación deportiva, pretender algunha das seguintes actuacións:

1. Campos de fútbol: só serán susceptibles de seren subvencionadas obras que comporten melloras respecto dos seguintes aspectos:

-Terreo de xogo.

-Vestuarios.

-Iluminación.

Non serán obxecto de subvención as actuacións relativas aos peches perimetrais, urbanización do contorno ou a construción ou reforma de bancadas e cubertas de tribunas.

2. Pavillóns polideportivos: só serán susceptibles de seren subvencionadas obras que comporten melloras respecto dos seguintes aspectos:

- Pavimento da zona de xogo.
- Vestiaros.
- Obras para mellorar a estanquidade do inmovible.

Non serán obxecto de subvención obras que comporten ou pretendan o mantemento ordinario do inmovible (reposición de vidros, pintado interior/exterior e análogos).

3. Piscinas descubertas: só serán susceptibles de seren subvencionadas obras que comporten melloras respecto dos seguintes aspectos:

-As que pretendan a adecuación do vaso/s ou da instalación á normativa sanitaria vixente, a mellora da súa estanquidade e/ou a redución da súa profundidade.

- Vestiaros.

Non serán obxecto de subvención as obras que garden relación coas zonas de espaxamento vinculadas ou próximas ás piscinas, peches perimetrais das instalacións, urbanización do contorno, iluminación do complexo, etc.

4. Piscinas cubertas: só serán susceptibles de seren subvencionadas obras que comporten melloras respecto dos seguintes aspectos:

- Sistemas de depuración da auga.
- Sistema de climatización.
- Incremento das superficies vinculadas a usos deportivos e complementarios.
- Introdución de sistemas de aforro enerxético.

Non serán obxecto de subvención obras que comporten ou pretendan o mantemento ordinario do inmovible (reposición de vidros, pintado interior/exterior e análogos).

5. Pistas polideportivas ao aire libre: só serán susceptibles de seren subvencionadas obras que comporten melloras respecto dos seguintes aspectos:

- Construción de cubertas sobre pistas existentes.
- Iluminación das zonas de xogo.
- Terreo de xogo en pistas cubertas.

Non serán obxecto de subvención as actuacións en pistas de tenis descubertas que se refiran ao seu terreo de xogo, e aquelas operacións que pretendan o mantemento ordinario da instalación.

6. Instalacións vinculadas a deportes náuticos: só serán susceptibles de ser subvencionadas obras que comporten melloras respecto dos seguintes aspectos:

- Hangares para embarcacións.
- Vestiaros e ximnasios de musculación.
- Adecuación dos edificios existentes ao contorno.

-Mellora do acceso ás zonas de adestramento e de regata dos deportistas.

7. Outras instalacións deportivas: só serán susceptibles de ser subvencionadas obras que comporten melloras respecto dos seguintes aspectos:

-Aqueles accións que garden relación directa cos espazos dedicados á práctica deportiva respecto daquelas modalidades reconecidas polos distintas federacións deportivas galegas e as edificacións auxiliares que puidesen estar vinculadas con aquelas.

3.b) Adquisición de equipamento deportivo inventariable.

Poderá ser obxecto de subvención a adquisición de todo tipo de equipamento deportivo inventariable para ser destinado á práctica deportiva ou a realización de adestramentos.

Non serán obxecto de subvención as adquisicións que consistan en equipacións deportivas, balóns e pequeno material de análogas características.

Naqueles deportes en que resulte esencial para a súa práctica, sexa na fase de competición, adestramento ou para realizar traslados habituais, poderá ser obxecto de subvención a adquisición de vehículos axeitados ou de elementos complementarios a estes (remolques).

Artigo 4º.-Financiamento orzamentario.

As subvencións e axudas económicas reguladas na presente orde faranse efectivas con cargo ás aplicacións orzamentarias que posteriormente se identifican, pertencentes aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, ata os importes máximos que para cada finalidade se sinala:

4.1. Construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas de titularidade pública e adquisición de equipamento deportivo, con cargo á aplicación orzamentaria 12.04.355A.760.0.

4.2. Idem., de titularidade privada (entidades sen ánimo de lucro), con cargo á aplicación 12.04.355A.780.0.

No caso de que a acción ou obra por subvencionar teña carácter plurianual, a Consellería de Cultura e Deporte poderá comprometerse a subvencionar fases de execución futura das obras, con suxeición ás limitacións contidas no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, ata unha contía máxima en cada unha das aplicacións orzamentarias e anualidades seguintes:

Aplicación orzamentaria	2006	2007	2008
12.04.355A.760.0	600.000 €	1.500.000 €	1.300.000 €
12.04.355A.780.0	500.000 €	658.000 €	564.000 €

Artigo 5º.-Importe de subvencións ou axudas máximas.

O importe máximo susceptible de ser subvencionable en cada actuación relativa a obras será do 80% do investimento. Para a adquisición de equipamento deportivo, o importe máximo das subvencións, en cada actuación, non poderá exceder do 70% do investimento total.

Os cálculos anteriores serán efectuados sobre os importes consignados na correspondente solicitude, sen que estes poidan experimentar modificación ningunha por razón do importe da subvención finalmente outorgada.

Para determinar o importe da acción ou actuación subvencionable poderán terse en conta os seguintes gastos: honorarios facultativos de redacción de proxectos técnicos, dirección de obra e análogos; prezo dos contratos de obra adxudicados ou de adquisición de equipamentos deportivos; taxas ou impostos municipais vinculados á expedición das oportunas autorizacións e licenzas.

Artigo 6º.-Solicitudes.

As solicitudes formalizaranse no impreso oficial, segundo o modelo que se xunta á presente orde como anexo I.

6.1. Para obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas, achegarase a seguinte documentación:

6.1.a) Documento acreditativo da titularidade do terreo ou inmovible en que se pretenda realizar a actuación. Os terreos deberán ser de titularidade da entidade solicitante, ou no seu defecto, esta deberá posuír título bastante que a habilite para a realización das obras e o uso posterior do construído ou reformado por período non inferior a dez (10) anos.

6.1.b) Certificación do acordo adoptado polo órgano competente da entidade solicitante pola que se aproban as obras que se van realizar e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

6.1.c) Memoria xustificativa da necesidade das obras para as que se solicita subvención, así como canta información sexa precisa para permitir a aplicación dos criterios sinalados no artigo 9º da presente orde.

6.1.d) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos. (Anexo III).

6.1.e) Anteprojecto técnico ou memoria valorada da obra que se pretende realizar, subscrito por técnico competente.

Os solicitantes que resulten beneficiarios das subvencións ou axudas económicas ás que refire o pre-

sente punto quedarán obrigados a presentar o correspondente proxecto técnico e as autorizacións administrativas municipais e sectoriais oportunas, se a entidade e complexidade das obras que se vaian executar o exixisen.

6.1.f) Nas solicitudes presentadas polas entidades locais e se a obra que se vai subvencionar é obxecto de contratación ao abeiro dos artigos 56 e 121 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, unicamente será exixible o orzamento detallado, sen prexuízo da existencia de proxecto cando as normas específicas así o requiriran.

6.2 Para a adquisición de equipamentos deportivos, achegarase a seguinte documentación:

6.2.a) Certificación do acordo adoptado polo órgano competente da entidade solicitante pola que se aproba o programa de adquisicións que se van realizar e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

6.2.b) Memoria xustificativa da necesidade de proceder á adquisición do equipamento deportivo de competición ou adestramento que se pretende adquirir, así como canta información sexa precisa para permitir a aplicación dos criterios sinalados no artigo 9º da presente orde.

6.2.c) Orzamento detallado do equipamento para o que se solicita subvención.

6.2.d) Nas solicitudes presentadas polas entidades locais e se o equipamento que se vai subvencionar é obxecto de contratación ao abeiro dos artigos 56 e 176 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, unicamente será exixible o orzamento detallado.

6.2.e) Declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos (anexo III).

Artigo 7º.-Presentación de solicitudes e subsanación.

As solicitudes presentaranse nas delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte dirixidas a estas mediante a súa presentación por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Recibidas as solicitudes e a documentación complementaria, serán analizadas polos servizos de

deportes das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte, co obxecto de comprobar que se atopan debidamente cubertas e suficientemente documentadas. En caso contrario, requirirán o solicitante para que no improrrogable prazo de dez (10) días hábiles, proceda a emendar as deficiencias observadas.

Realizadas as operacións anteriores, as solicitudes seranlle enviadas á Dirección Xeral para o Deporte.

#### Artigo 8º.-Comisión avaliadora.

A comisión avaliadora encargada de valorar as solicitudes estará formada do seguinte xeito:

Presidente: o subdirector xeral para o Deporte, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-Os delegados das delegacións provinciais da Consellería de Cultura e Deporte.

-Os xefes do Servizo de Deportes das citadas delegacións provinciais.

-O xefe do Servizo de Infraestructuras Deportivas.

Secretario: un funcionario da Dirección Xeral para o Deporte.

Artigo 9º.-Criterios para o outorgamento da subvención.

A proposta de outorgamento da subvención formularaa a comisión avaliadora, unha vez aplicados os criterios de valoración, e logo de agrupación ou ordenación das diversas solicitudes nos respectivos apartados ou finalidades perseguidas coa presente orde, co obxecto de garantir que a competencia entre os proxectos ou accións concorrentes se produza entre accións que persigan finalidades análogas.

9.1.a) Criterio de avaliación de solicitudes relativas a obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas.

1. O outorgamento de axudas económicas e subvencións efectuarase atendendo aos seguintes criterios obxectivos de valoración nas respectivas solicitudes:

a) Necesidade das obras proxectadas, atendendo á urxencia que presenten polo estado en que se poidan atopar os inmobles en atención á súa seguridade, salubridade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

b) Proximidade da instalación deportiva a centros educativos.

c) Categoría das competicións deportivas en que toman parte os equipos usuarios da instalación, con especial atención a aqueles que favorezan a consolidación da práctica do deporte feminino.

d) Número de equipos usuarios da instalación que participen en competicións oficiais, tendo en conta a participación de equipos femininos.

e) Porcentaxe da achega comprometida pola entidade solicitante.

f) Cando se posúan dereitos temporais para o uso e desfrute da instalación ou inmobile, a duración destes.

#### Artigo 10º.-Outorgamento de subvencións.

A comisión avaliadora, a través do seu presidente, elevaralle proposta ao director xeral para o Deporte para a resolución das subvencións.

A resolución das subvencións seralles notificada aos solicitantes nun período máximo de cinco (5) meses contados desde o día seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Esgotado este prazo sen resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente.

Unha vez notificadas as axudas, os beneficiarios estarán obrigados a presentar no prazo de trinta (30) días naturais, unha declaración de que aceptan a axuda.

2. Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Cultura e Deporte, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da oportuna notificación, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. Para o caso de que como consecuencia de incidencias producidas as subvencións outorgadas non sexan aceptadas ou que posteriormente se renuncie a elas, os créditos que tivesen tal orixe poderán ser reasignados a outros solicitantes, logo de proposta formulada para o efecto pola comisión avaliadora.

Artigo 11º.-Xustificación e aboamento da subvención.

Os beneficiarios das axudas deberán xustificar a realización das accións subvencionadas antes do 15 de novembro de 2006. O incumprimento do prazo de xustificación poderá dar lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación de tales créditos nos termos previstos no último parágrafo do artigo 10º.

Con anterioridade a formular proposta de pagamento da subvención, unha vez rematadas as obras ou adquirida a subministración do equipamento deportivo levarase a cabo un acto de comprobación do investimento efectuado, ao cal asistirá un representante da Dirección Xeral para o Deporte e do que quedará constancia por medio da oportuna acta.

A xustificación documental da realización da actuación obxecto de subvención estará integrada polos documentos que a seguir se enumeran:

1. Acordo/s adoptado/s polo órgano competente da entidade en virtude do cal se aprobe o proxecto técnico comprensivo das obras, ou no seu defecto memoria valorada ou orzamento cando a entidade da actuación o permita.

2. Acordo, previos os trámites oportunos e legalmente exixibles, de adjudicación do contrato de obra ou subministracións obxecto da actuación.

3. Contrato administrativo de obra ou de subministración ou os seus correspondentes contratos privados sempre que se trate de obras de contía superior a 30.050,61 €, ou equipamentos por importe superior a 12.020,24 €.

Cando se trate de obras ou equipamentos de contía inferior non será preciso achegar documento contractual específico, bastando a achega da documentación a que se refire o punto seguinte.

4. Certificación ou certificacións de obra, acompañada da preceptiva factura e dos documentos acreditativos da súa aprobación por órgano competente. O modelo da portada de tal certificación incorpórase á presente orde como anexo II.

Tratándose de adquisición de equipamentos será suficiente a achega das facturas xustificativas desta.

5. Acta de recepción, cando proceda.

6. Licenza municipal de obras, que ampare aquelas actuacións que a precisen, este trámite non será preciso acreditálo cando o promotor da acción sexa o concello respectivo.

7. Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. (Anexo III).

En cumprimento do disposto na letra d) do artigo 41.1º da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cando o beneficiario das subvencións que se outorguen no marco da presente orde resulte ser un concello, quedará este exento de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas ás que se refire a letra c), do número 4 do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Nos restantes casos non será preciso presentar, por parte dos beneficiarios, certificados acreditativos de estar ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que na solicitude corres-

pondente se autorice expresamente a Administración autonómica para que esta obteña directamente tales datos.

A documentación anterior será presentada diante do Servizo Provincial de Deportes da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte que corresponda, quen procederá a comprobar a súa corrección e, de ser o caso, a confeccionar os documentos pertinentes para instrumentalizar o oportuno recoñecemento de obrigas e, de ser o caso, a subseguinte proposta de pagamento.

Artigo 12º.-Obrigas das entidades perceptoras da subvención.

As entidades ás que se lle conceda subvención quedarán obrigadas a asumir ao seu cargo os aumentos que se produzan, no caso de que o custo das obras ou equipamentos resulte superior á valoración prevista no orzamento, ou ben, por revisión dos prezos adicionais, prórrogas e outros supostos.

Non poderán modificar o programa aprobado sen expresa autorización da Dirección Xeral para o Deporte.

Quedarán sometidas ao control financeiro que lle corresponda á Consellería de Economía e Facenda e ás previstas polo Consello de Contas e/ou do Tribunal de Contas.

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto nesta orde, a Consellería de Cultura e Deporte poderá revogar a subvención concedida logo da audiencia do interesado. Neste caso non poderá solicitar outra subvención mentres non sexa devolta a anterior, no suposto de que fose revogada de acordo co réxime previsto no artigo 78.9º do texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro).

Nos aspectos non contidos na presente orde, haberá que aterse ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, resultando de aplicación supletoria para todo o non previsto nas precitadas normas o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normas de xeral aplicación.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral para o Deporte para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o mellor desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte



**ANEXO II**

<b>OBRAS DE CONSTRUCCIÓN, MELLORA, ACONDICIONAMENTO E REFORMA DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS/ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO</b>		ORDE	
ENTIDADE LOCAL/DEPORTIVA	OBRA/EQUIPAMENTO	ACORDO DE ADXUDICACIÓN	
ADXUDICATARIO			NIF
PRAZO DE EXECUCIÓN	IMPORTE PROXECTO	IMPORTE ADXUDICACIÓN	BAIXA %

<b>IMPORTE FINANCIAMENTO</b>	<b>XUNTA</b>	<b>ENTIDADE LOCAL</b>	<b>OUTROS</b>	<b>TOTAIS</b>

Certificación nº \_\_\_\_\_ data da certificación \_\_\_\_\_  
 D/Dª. \_\_\_\_\_  
 Director da obra de referencia \_\_\_\_\_  
**CERTIFICO:**  
 Que as obras realizadas polo contratista adxudicatario e que se xustifican na correspondente relación valorada importan a cantidade líquida de \_\_\_\_\_ € .

<b>LÍQUIDO QUE SE CERTIFICA</b>	<b>LÍQUIDO ABOADO ANTERIORMENTE</b>	<b>PENDENTE</b>

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
 O DIRECTOR DA OBRA  
 Asdo.:

**ANEXO III**

**DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS**

D/Dª \_\_\_\_\_, presidente/a da entidade local/deportiva de \_\_\_\_\_, solicitante da axuda da Consellería de Cultura e Deporte, para as axudas económicas destinadas a subvencionar a realización das obras de construción, mellora, acondicionamento e reforma de instalacións deportivas ou adquisición de equipamento deportivo, e en relación a outras axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Denominación do proxecto: \_\_\_\_\_

**DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

**Axudas concedidas:**

Non se me concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.  
 Si se me concedeu axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda \_\_\_\_\_ Data da resolución \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_ Institución \_\_\_\_\_

**Axudas solicitadas:**

Non solicitei ningunha outra axuda para este mesmo proxecto.  
 Si solicitei axuda para este mesmo proxecto.

Tipo de axuda \_\_\_\_\_ Data da solicitude \_\_\_\_/\_\_\_\_/\_\_\_\_ Institución \_\_\_\_\_

Lugar e data: \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_  
 Sinatura e selo

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Orde do 2 de maio de 2006 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Vicepresidencia.*

De conformidade co establecido no artigo 7.2º b) do IV convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG nº 106, do 4 de xuño de 2002), e en uso das atribucións conferidas no mesmo artigo da dita norma, esta Vicepresidencia

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a el os laborais fixos da Xunta de Galicia que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (edificio administrativo de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirlle á petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen. Os méritos alegados e non probados da maneira sinalada no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma loca-

lidade ca a do novo destino, e dun mes, se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación no DOG.

Se na data de cesamento ou de inicio do cómputo do prazo posesorio o persoal está gozando dun período de licenza, vacacións ou permisos, o cómputo deles comezará o día seguinte ao da reincorporación ao posto de traballo.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2006.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

#### ANEXO I

Denominación do posto: director/a de centro.

Código: FAC994040215350001.

Grupo: I/II.

Categoría: 1, 6, 11/ 1, 6, 17.

Complemento de convenio: 5.826,36.

Dependencia: Centro de Menores Virxe do Carme.

Localidade: Ferrol.